

**ACTO ACADÉMICO INSTITUCIONAL 50 ANIVERSARIO
DA LICENCIATURA DE MATEMÁTICAS NA USC**

Pazo de San Xerome - Santiago de Compostela

24 de maio de 2008

Intervención de
MERCEDES FEIJOO DÍAZ

Licenciada en Matemáticas, Profesora IES Elvira,
Coordinadora do Programa ESTALMAT-Galicia

Excmo e Magco. Sr. Rector
Autoridades, compañeiras e compañeiros:

Correspóndeme a min nesta rolda de intervencións o papel de representar o profesorado de Matemáticas no Ensino Medio. Tendo en conta o momento histórico en que me tocou vivir a Universidade, resulta imprescindible facer unha breve lembranza de aquel entón.

Pero cómpre antes de nada, sinalar que calquera dos presentes podería dar agora a súa testemuña coa mesma ou máis autoridade ca min e que son consciente de que as sensacións, os sentimentos e as experiencias son particulares e dificilmente iguais para cada un dos que desde a revolta dun camiño de trinta e tantos anos, mire atrás e queira apreixar nunhas poucas palabras tales experiencias e sentimentos

Eu podo confesarvos que as sensacións que gardo na memoria da miña chegada a Santiago foron de índole moi diversa: Salientaría en primeiro termo a dunha gran liberdade. O cambio a esta cidade supoñía romper dalgún xeito cos vínculos familiares, co contexto social anterior e cun ambiente académico coñecido. É doado supoñer este sentimento nunha mocidade procedente de Becerreá aínda que chegase despois de foguearse en Lugo.

Outro experiencia viva na miña memoria é o sentimento de rebeldía universitaria que se reflectía nas aulas e fora delas no Santiago de entón. Estaban aínda latexando os acontecementos vividos polos universitarios santiagueses a finais dos sesenta e esa rebeldía e espírito crítico respirábase nas rúas, nas conversas, en moitas das clases.

Existía unha grande preocupación e implicación dentro do ambiente universitario xeral co momento histórico que nos tocou vivir. Non debe esquecerse que o réxime político imperante ata aqueles anos estaba esmorecendo. E así debo confesarvos que fomos os

últimos en ter no plan de estudos “as tres famosas marías”: Política, Idioma e Educación Física.

Todos nos teremos preguntado por qué fixemos a carreira de Matemáticas. No meu caso a escolla fixena, e seguramente coincido coa maioría dos presentes, non pensando nas oportunidades de emprego que ía ter ao rematar a carreira. Os factores que me levaron a facer estes estudos fóron basicamente o gusto polas Matemáticas e a conciencia de que se me daban ben, fundada sobre todo nos resultados obtidos ata ese momento na materia. Tiñamos a idea de que nos íamos meter nunha carreira dura, pero non nos importaba. Esta sensación de dureza non a sentimos só a priori senón que se mantivo ata o remate e mesmo a percibiamos cando nos comparabamos cos compañeiros doutras carreiras.

Había daquela un sector do profesorado distante e “endeusado”, moi propio da caste dos catedráticos, con grandes doses de autoritarismo. A relación con eles era máis ben escasa. Por outra banda, coexistía con eles outro grupo de profesores, maioritariamente PNNs, cos que si tiñamos unha relación máis fluída e familiar, máis próxima.

Enfrontabamonos, polo tanto, á necesidade de superar en certos casos non só as barreiras académicas, senón tamén os valores e a relación de poder que viñan de lonxe e estaban perdendo forza como o réxime. Isto levounos nalgúns ocasións a enfrontamentos directos con algún catedrático todopoderoso, levando a rebeldía a cuestionar materias ou parte delas que pensabamos non se correspondían co plan de estudos.

En maior ou menor grado faciamos un esforzo para compaxinar a militancia como estudantes (ir a clase, facer os exames, etc.) coa militancia cultural e política dentro da Facultade e fóra dela.

Ó final da carreira tiñamos a conciencia de que a nosa saída profesional maioritaria ía ser a das Ensinanzas Medias, e que nos cinco anos que pasamos na Facultade aprenderamos moitas Matemáticas pero íamos ter importantes carencias á hora de afrontar o que se supoñía ía ser o noso traballo cotián. Tiñamos os coñecementos pero non sabiamos como transmitilos.

Esta inquietude e a inminente saída ao mercado laboral, fixo que sentiramos a necesidade de empezar a prepararnos. Os estudantes do último curso organizamos as “I Xornadas de Formación Pedagóxica”. A elas trouxemos como invitados a poñentes que, como vemos coa perspectiva dos anos, foron referentes relevantes na ensinanza das Matemáticas neste país (o Grupo Cero, Pere Roig, etc).

Como xa dixen a maioría de nós accedimos ao ensino medio. ¿Pero como se accedía o emprego? Tiñamos a vía das oposicións cando se convocaban, e a da contratación. ¿Listas de agarda? aínda non nacerá este concepto. Contrataba o director do centro, a quen el

consideraba oportuno. Soía funcionar por coñecemento dalgún familiar ou amigo, non polos coñecementos que tivese o candidato.

Ao cortar o cordón umbilical coa Facultade, unha vez licenciados, había unha sensación de estar forá (no caso de que te propuxeses facer o doctoramento, as posibilidades eran case nulas). Os lazos eran case inexistentes. Se non se daba o caso de que algún coñecido quedara dentro da facultade, non volvíamos ter contacto con ela, pois o noso mundo laboral (o ensino medio) e o mundo universitario non tiñan ningunha relación.

Pasados uns anos coa evolución persoal e o da institución, a facultade, produciuse un certo achegamento entre uns e outros. A iso contribuíron as necesidades de contacto derivadas da organización de grupos de traballo e preparación das probas de acceso á Universidade.

Unha ponte entre un e outro nivel educativo está a ser neste momento o Proxecto Estalmat, que comezou este curso e se leva a cabo en estreita colaboración coa Facultade de Matemáticas.

Este proxecto púxoo en marcha no ano 1998 na Comunidade de Madrid a Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais co obxectivo de detectar, orientar e estimular de maneira continuada o talento matemático de estudantes de 12-13 anos. Foi concebido polo insigne profesor da Universidade Complutense de Madrid Dn. Miguel de Guzmán e tivo unha gran acollida. Hoxe en día está extendido a case todas as comunidades.

Á marxe destas consideracións debo finalmente comentarvos que o desenvolvemento intelectual que proporcionan os estudos de matemáticas forón moi importantes para o meu crecemento como persoa. Sigo disfutando ao traballar coas Matemáticas e impartir clase aos meus alumnos para min é unha fonte de satisfacción.

Nunca me arrepentín da decisión que tomei ao elixir a carreira, nin pola carreira en si mesma, nin pola saída laboral a que me encamiñou.

Non quero pechar esta intervención sen aproveitar a ocasión para dar a organización as grazas pola oportunidade que se me brindou de intervir, e a todos os presentes pola súa atención. Quero tamén expresar aos meus compañeiros a satisfacción por este reencontro e á Facultade o meu agradecemento por darnos a min e a todos tan fermosa desculpa para achegarnos a ela e con ela celebrar esta efemérides festiva.

Moitas grazas.